



edicións embora

a igualdade
conta


O PAÍS DOS MANDÓNS

PALOMA RODRÍGUEZ
e CRISTINA JUSTO

ŠPELA TROBEC







Colección A IGUALDADE CONTA
www.aigualdadeconta.com

O PAÍS DOS MANDÓNS
Paloma Rodríguez e Cristina Justo

© 2010 | edicións embora
R/ Galiano 63, 1º. 15402 Ferrol
ferrol@edicionsembora.es
www.edicionsembora.es

Idea orixinal: Gaela Consultora S.C.
© dos textos: Paloma Rodríguez e Cristina Justo
© das ilustracións: Špela Trobec
© desta edición: Edicións Embora, 2010

Impreso en C/A Gráfica
Primeira edición: marzo 2010
ISBN: 978-84-92644-16-2
Depósito Legal: C 279-2010


Reservados todos os dereitos, quedando rigorosamente prohibidos, sen a autorización escrita dos titulares do copyright, baixo as sancións establecidas nas leis, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento.


TEXTO
PALOMA RODRÍGUEZ
e CRISTINA JUSTO

ILUSTRACIONES
ŠPGLA TROBEC



O PAÍS DOS MANDONS







PAÍS DOS MANDÓNS

Había unha vez moi lonxe,
moi lonxe, pero que moi
lonxe un estraño país:

O PAÍS DOS MANDÓNS


Un país onde, como
podedes imaxinar,
lles gustaba moitiño
MANDAR.

Nese país tan estraño sucedían cousas tamén moi estrañas que a xente non comprendía:

As nais, as avoas e as nenas só podían facer unha cousa: traballar e traballar e volver a traballar na casa:



Facían as camas.
Cociñaban.
Pasaban o ferro.
Lavaban a louza.
Lavaban a roupa.
Varrían...




Iso non lles gustaba **nada de**

Por iso ás veces estaban tristes
e outras veces estaban moi
pero que moi enfadadas.




nada.





mundo. Sirv
la Casa Blan
os de la sala
los de la sala
eló en la ON
ether, el arq
za un breve
ia de los es
Desde las pi
atres grieg



Tampouco os papás, os avós
e os nenos estaban felices.


NON.




Non lles gustaba nada non poder ir coas nenas
á escola e ao parque.

Non lles gustaba nada non poder ir coas mamás
e as avoas ao cine.

Non lles gustaba nada non poder ir á praia,
non poder ir de excursión, non poder ir en bici...
coas mamás, coas nenas, coas avoas...

A dark, textured landscape, possibly a field or a forest, rendered in a high-contrast, almost black and white style. The texture is grainy and uneven. In the upper right corner, there is a simple white line drawing of a plant with a long, curved stem and a small, bell-shaped flower or seed pod hanging from it. The overall mood is somber and mysterious.


Así, no afastado país dos mandóns,
ninguén estaba contento.



-Pois vaia leria de país -dicían
os papás e as mamás

-Pois vaia leria de país -dicían
os avós e as avoas.

-Pois vaia país máis aburrido -dicían
os nenos e as nenas.




Así que decidiron que era preciso facer algo para mudar as cousas. O primeiro que fixeron foi xuntarse todas e todos na casa de Olimpia:

E pensaron e pensaron...
E falaron e falaron...

Ata que Celia e Félix dixeron:

-Non hai máis remedio. Non hai outra solución. Temos que falar co señor Mandamais.





Ohhhhhhh !!!!!!!

-dixeron todas e todos-

CO SEÑOR


MANDAMAIIS!!!!!!!!!!!!


É que o señor Mandamais dáballes un pouco de susto.
O señor Mandamais mandaba no país dos mandóns
axudado polos seus secuaces:

QUEDASNA CASA

AMEAZO

tinomñís







o señor Capitoste, o señor Ameazo,
o señor Nonsepode e o señor Comoeudigo,
o señor Quedasnacasa, o señor Tinonvás...

Entre todos eles fixeron as
normas do afastado país
DOS MANDÓNS.

COMOEUDIGO



CAPITOSTE



NONSEPODE





E puxéronse en camiño, o día 8 de marzo, nunha longa fila india de pais e nais, avós e avoas, nenos e nenas que levaban posta unha bufanda lila para que todo o mundo soubese que ese grupo ía en misión especial.





Cando chegaron alí contáronlle ao señor Mandamais e a todos os seus secuaces as cousas coas que non estaban nada, nada de acordo.


E todos eles puxéronse moi, moi anoxados e, coas caras vermellas de carraxe, dixéronlles que esas eran as normas e había que cumprilas.



Entón Inés tivo unha magnífica idea:
Vamos votar o que queremos facer!

E votaron...





Votaron que TODAS E TODOS querían ir en bici e á escola, e ao cine, e á piscina, e de excursión.

Votaron que querían ler libros e o periódico.

Votaron que querían tocar a pandeireta, o piano e o violín.

Votaron que querían cociñar e pasar o ferro e facer as camas as mamás e os papás, as nenas e os nenos, as avoas e os avós.


Votaron que non querían que mandara o señor Mandamais no seu país.

E escribiron todas estas novas normas nun papel lila:

A CONSTITUCIÓN

E asinaron unha a unha, e un a un.







E pensaron e pensaron e decidiron que un país no que as nenas e os nenos están contentos, no que as nais e os pais colaboran xuntos, no que os avós e as avoas non están tristes... tense que chamar:

O país da IGUALDADE.





edicións embora



Títulos publicados:

O segredo de Flora

A Urna dos desexos



No país dos mandóns uns cantos mandan sobre o resto e non permiten que as nenas, as mamás ou as avoas xoguen, saian ou traballen fóra da casa. O cambio desas normas tan inxustas para crear un novo país da igualdade conmemórase o día internacional das mulleres.

ISBN 978-84-92644-16-2



9 788492 644162



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Igualdade

